



ÁS INICIATIVAS XUVENÍS DE DESENVOLVEMENTO RURAL



BANDA DE MÚSICA XUVENIL DE XINZO

RESOLUCIÓN do 12 de marzo de 2018, da “Asociación Banda de Música Xuvenil de Xinzo”, pola que se convoca a oferta dunha praza de Director/a titular da Banda de Música Xuvenil de Xinzo.

No Boletín Oficial do Estado (BOE) publicouse con data 4 de outubro de 2013, a "Resolución de 18 de setembro de 2013, de la Dirección General de Empleo, por la que se registra y publica el VI Convenio colectivo estatal para los centros de enseñanza de peluquería y estética, de enseñanzas musicales y de artes aplicadas y oficios artísticos".

Polo que co fin de seleccionar ao Director/a titular da Banda de Música Xuvenil de Xinzo,

RESOLVE:

Primeiro

Abrir o prazo para o envío de candidaturas coa finalidade de optar á praza de Director/a titular da Banda de Música Xuvenil de Xinzo.

Segundo

A selección do/a aspirante efectuarase segundo o estipulado nas bases desta resolución (anexo I).

Xinzo (Ponteareas), 12 de marzo de 2018



María Carmen Represas Alonso
Secretaria da Banda de Música Xuvenil de Xinzo
Responsable de Relacións Laborais



ÁS INICIATIVAS XUVENÍS DE DESENVOLVEMENTO RURAL



BANDA DE MÚSICA XUVENIL DE XINZO

ANEXO I

- Bases -

Primeira. Obxecto

As presentes bases teñen como finalidade a selección dun Director/a titular da Banda de Música Xuvenil de Xinzo (BMXX), que se encadra dentro do equipo Docente da Asociación Banda de Música Xuvenil de Xinzo.

Segunda. Traballo a realizar

Os relacionados coa Dirección da Banda de Música Xuvenil de Xinzo, e que terán como fin último o crecemento cualitativo e cuantitativo da Asociación Banda de Música Xuvenil de Xinzo:

- Programación, coordinación, deseño e execución da actividade artística anual da BMXX.
- Programación e coordinación da actividade docente na Escola de Música de Xinzo (ESMU Xinzo): Realización do calendario docente por curso académico (como data máxima no mes de xullo de cada ano), organización e coordinación do profesorado, asistencia aos claustros de profesores, asistencia ás audicións da ESMU Xinzo, e realizar actividades de diversa índole e concertos didácticos.
- Traballar para a mellora da BMXX: preparación previas dos ensaios, partituras e todo o que se inclúe na parte musical da BMXX.
- Representación da BMXX e da ESMU Xinzo ante as diferentes institucións públicas ou privadas
- Traballo en conxunto coa Xunta Directiva da Asociación.
- Informe anual aos asociados na Asemblea Xeral Ordinaria, da actividade artística da Asociación.
- Dous días á semana de ensaio coa BMXX, preferentemente os venres de 22:30h a 00:30h e sábados en horario a concretar. Podéndose incrementar as horas de ensaio en funcións das necesidades.
- Coordinación estratéxica das agrupacións existentes dentro da Asociación: Banda Infantil da Escola de Música de Xinzo, Coral Cantares de Xinzo e Agrupación Instrumental de Xinzo.
- Asesoramento á Fundación Musical de Xinzo.

Terceira. Duración do contrato

O contrato efectuarase por períodos prorrogables dun ano, a contar dende xaneiro a decembro. No primeiro trimestre de cada ano procederase a renovación anual do contrato sempre que ámbalas partes estean de acordo.

Como excepción, neste ano 2018 realizarase o contrato dende o 1 de abril de 2018 ata o 31 de decembro de 2018. Manténdose os condicionantes expostos anteriormente para a renovación de dito contrato.



ÁS INICIATIVAS XUVENÍS DE DESENVOLVEMENTO RURAL



BANDA DE MÚSICA XUVENIL DE XINZO

Cuarta. Retribucións

A retribución será de 900,00 € mensuais coas correspondentes deducións segundo a lexislación aplicable. Ademais por cada actuación en concepto de festa abonarase a cantidade de 23,53 €.

Quinta. Requisitos



- Idade: ter cumpridos os 18 anos de idade e non exceder da idade de xubilación forzosa.
- Non padecer ningunha enfermidade ou defecto físico que impida o correcto desenvolvemento das correspondente tarefas enumeradas na base segunda.
- Titulación: posuír o título superior de música en calquera especialidade musical, ou estar en condicións de obtelo na data na que finalice o prazo de presentación de instancias. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación ou, de ser o caso, o recoñecemento.

Os documentos que xustifiquen o cumprimento destes requisitos serán aportados polo aspirante que sexa seleccionado como Director titular da Banda de Música Xuvenil de Xinzo, cando a Secretaria da Asociación o requira.

Sexta. Presentación de instancias

Os/As aspirantes interesados/as en participar no proceso selectivo, deberán remitir o seu Currículo Vitae dirixido ao Sr. Presidente da Asociación Banda de Música Xuvenil de Xinzo a través do seguinte enderezo electrónico: bandaxuvenilxinzo@gmail.com.

O prazo de presentación dos Currículos comprenderá dende o día 12 de marzo ata o 21 de marzo de 2018, ambos inclusive.

Sétima. Admisión de aspirantes

O proceso de selección do Director titular da Banda de Música Xuvenil de Xinzo, realizarase mediante o procedemento de libre designación.

Rematado o prazo para a presentación de candidaturas, a Xunta Directiva valorará os Currículos de tódolos aspirantes e concretará unha entrevista cos candidatos/as previamente seleccionados segundo os criterios adoptados nese momento polo propio órgano directivo. As entrevistas realizaranse entre os días 22 e 30 de marzo de 2018.

A Xunta Directiva poderá propoñer que un ou varios candidatos realicen un ensaio de proba coa Banda de Música Xuvenil de Xinzo, antes da selección final do aspirante. O ensaio terá unha duración mínima dunha hora e realizarase o día 31 de marzo de 2018 en horario a concretar.



ÁS INICIATIVAS XUVENÍS DE DESENVOLVEMENTO RURAL



BANDA DE MÚSICA XUVENIL DE XINZO

Tanto a entrevista como o ensaio levaranse a cabo nas instalacións da Asociación (Planta -2 do Centro Cultural Xinzo, s/n. Xinzo. 36891 Pontearreas, Pontevedra).

Nas diferentes fases que poida ter o proceso de selección do Director titular, os aspirantes que vaian quedando excluídos serán informados de dita exclusión.

Se os candidatos que se presenten a dita convocatoria non acaden o nivel artístico ou formativo esixido segundo os criterios definidos pola Xunta Directiva, poderase seleccionar como Director titular, a unha persoa que non presentase a súa candidatura dentro do prazo establecido. Pero sempre e cando, ese candidato sexa requirido pola Xunta Directiva da Asociación á iniciativa da mesma.

O día 31 de marzo ás 22:00 horas (como límite), a Xunta Directiva da Asociación anunciará o Director titular escollido.

Oitava. Proxecto artístico

O Director titular da Banda de Música Xuvenil de Xinzo acordará coa Xunta Directiva da Asociación o proxecto artístico anual para a BMXX, dentro dos dous primeiros meses de cada ano.

Como excepción, neste ano 2018 o Director titular adaptarse na medida do posible ao proxecto artístico xa definido para este ano.

Novena. Período de transición

Durante o período de tempo que resulte necesario e coa finalidade de que o proceso de cambio de Director titular, resulte o máis harmónico posible para a Asociación. O novo Director manterá unha relación fluída co anterior Director para a transferencia de toda a información que resulte necesaria para garantir o correcto funcionamento da asociación.

Décima. Contacto

Os aspirantes poderán resolver calquera dúbida escribindo a secretaria.bmxx@gmail.com ou no teléfono 620 061 434, María Represas.

